XXX edición da homenaxe

# “O escritor na súa terra - Letra E”

Santiago de Compostela / 15 de xuño de 2024

**EULOXIO R. RUIBAL**

A Homenaxe *O/A Escritor/a na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXX edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Euloxio R. Ruibal, que elixiu ser homenaxeado en Santiago de Compostela.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida do homenaxeado ten unha presenza fundamental. É vontade da AELG honrar escritoras e escritores procurando o contacto directo co autor e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica de Soledad Penalta), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo autor) e a colocación dun monólito conmemorativo.

asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal

## ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTE GALARDÓN

I Edición ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCO
1995 • Boa, Taramancos

II Edición BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición UXÍO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
2004 • Teis, Vigo

XI Edición PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

XIII Edición MANUEL LOURENZO
2007 • O Valadouro

XIV Edición XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 • Melide

XV Edición AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 • Vilalba

XVI Edición MARILAR ALEIXANDRE
2010 • Santiago

XVII Edición PACO MARTÍN
2011 • Lugo

XVIII Edición XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
2012 • Ribadeo

XIX Edición MARICA CAMPO
2013 • O Incio

XX Edición XABIER P. DOCAMPO
2014 • Castro Ribeiras de Lea

XXI Edición XOSÉ Mª ÁLVAREZ CÁCCAMO
2015 • Vilaboa

XXII Edición HELENA VILLAR JANEIRO
2016 • Rianxo

XXIII Edición MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
2017 • Lugo

XXIV Edición NACHO TAIBO
2018 • Oleiros

XXV Edición PILAR PALLARÉS
2019 • A Coruña

XXVI Edición VÍTOR VAQUEIRO
2020 • Santiago

XXVII Edición CONCHA BLANCO
2021 • Cee

XXVIII Edición XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA
2022 • A Estrada

XXIX Edición FINA CASALDERREY
2023 • Pontevedra

**11.30 Parque de Galeras** (Santiago de Compostela)

**Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación da árbore escollida polo autor**

Interveñen:

- Goretti Sanmartín, Alcaldía do concello de Santiago de Compostela
- Cesáreo Sánchez, Presidencia da AELG
- Euloxio R. Ruibal

**12.30 Teatro Principal** (Rúa Nova, 21)

**Acto de entrega da “Letra E”**

Interveñen:

- Goretti Sanmartín, Alcaldía do Concello de Santiago
- Beatriz Maceda Abeleira, Vicepresidencia da AELG
- Cesáreo Sánchez, Presidencia da AELG
- *Laudatio* do autor, por Inma López Silva
- Entrega da peza escultórica, elaborada por Soledad Penalta
- Euloxio R. Ruibal: intervención do homenaxeado. Resposta á *laudatio*

**14.30 Xantar de confraternidade**
**Hotel Compostela** (Rúa Hórreo,1)

As persoas interesadas no xantar deberán anotarse previamente no correo electrónico **oficina@aelg.org**, indicando o seu nome, apelidos e número de teléfono.

O Qr de Google Maps indica o camiño entre estes dous lugares

Santiago de Compostela / 15 de xuño de 2024

Cando facer teatro era un acto de valentía, alí estaba Euloxio R. Ruibal. Cando o cine era un xesto de resistencia que parecía posíbel só alén dos ríos e das montañas convertidos en fronteiras deste país de cinza, aí estaba Euloxio. Cando as artes estaban soterradas por un manto de incomprensión e ignorancia, velaí el, o Ruibal, como refuxio de pintores, coa súa elegancia e a súa calma infinitas. Euloxio R. Ruibal, en estando só presente, logra lembrarnos que sempre, trala loita, o futuro é mellor. Hai algo de revolucionario no seu saber estar que se transmite á súa literatura e se recoñece nun teatro que, en diante, asume a sa obriga de falar do país, das nosas contradicións e das nosas coitas, da Galiza de verdade agochada tras personaxes e historias sinxelos en aparencia, coma nós.

Inma López Silva

XXX edición da homenaxe

“O escritor na súa terra - Letra E”

Santiago de Compostela / 15 de xuño de 2024



XXX edición da homenaxe

# "O escritor na súa terra - Letra E"

Santiago de Compostela / 15 de xuño de 2024




fotografía: Eduardo Castro Bal (Ollo de vidro) / deseño gráfico e fotografía da capa: Distrito Xermar

asociación de escritoras escritores en lingua galega
CEDRO
XUNTA DE GALICIA
CONCELLO DE SANTIAGO